

Banco Sabadell versus La Caixa

O sindicato Confederación de Cuadros comunicoulle ao cadro de persoal que grazas a eles a empresa aceptou entregar os vales de xantar (axudas de custo) aos directivos de banca de empresas.

Esta situación mantíñase desde a creación de banca de empresas, en tempos do señor Alcaraz (non ocorre en Solbank, nin banca comercial). Ao reclamarmos este pagamento, a empresa argumentaba sempre a súa negativa dicindo que os técnicos de banca de empresas percibían salarios anuais superiores aos de banca comercial e Solbank.

A verdade é que non é mérito do sindicato de Cuadros (só o comunicaron) que se lles entreguen vales de xantar aos técnicos de banca de empresas. **Quen o conseguiu foi LA CAIXA.**

La Caixa, que sempre ten sido un competidor directo da nosa empresa, puxo en marcha o negocio de banca de empresas e resulta que tanto o señor Nin, ex director xeral do banco, como o señor Alcaraz, ex director de banca de empresas da nosa entidade, son actualmente director xeral e director xeral adxunto executivo, respectivamente, de La Caixa (fieis ao Sabadell non é que o foran moito estes dous contratos estrela do banco). Obviamente, ambos coñecían moi ben os

profesionais da nosa banca de empresas, así que **onde mellor que no Sabadell para buscar profesionais para o seu negocio?** E claro, as condicións laborais en La Caixa son bastante mellores ca no Sabadell.

Ante posibles fugas de bos profesionais de banca de empresas, o banco, con bo criterio, decidiu mellorar as súas condicións salariais e entregarlles os vales de xantar, do cal nos congratulamos. Só lamentamos que para que esta empresa entenda que debe coidar os seus empregados como un dos seus mellores e máis prezados recursos, teñan que vir quitarllos doutras entidades e, no camiño, perder excelentes profesionais e con iso prexudicar a boa marcha e a sostibilidade desta empresa.

A VER SE APRENDEN DUNHA VEZ QUE UNHA BOA XESTIÓN E, EN MOITAS OCASIÓNS, MÁIS RENDIBLE, É TRATAR AO XEITO O PERSOAL E NON DEDICARSE A REDUCIR CUSTOS REBAIXANDO AS CONDICIÓNS DOS EMPREGADOS PARA OBTEN RESULTADOS.

Marzo de 2008

Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > <http://bs.comfia.net>

Boletín de afiliación		Enviar a ?	0901 – 0105 CC.OO.	Sinatura
Nome	Ofi.:			
Domicilio	C.P.:			
Poboación				
Cta. de cargo				
			DNI	Data / /

Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC.OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como –en todo caso– á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC.OO: <http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html>. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC.OO para que remita información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (<http://www.ccoo.es>) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a lod@ccoo.es ou chamar por teléfono ao 917028077.

COMFIA-CCOO grupo banco sabadell

CPI 0901-0105 Tel. (93) 728 93 76 - Fax (93) 726 29 74 CC00901@bancsabadell.com

<http://bs.comfia.net> adherida a la unión network internacional

